

## MANIFESTO 8M

Este ano achegámonos ao fin da nosa etapa educativa e ábrese ante nós as dificultades do mundo adulto. Non podemos obviar o maior problema ao que nos enfrontamos á hora de buscar traballo: a brecha salarial polo simple feito de ser muller.

Non podemos comprender como estando igual ou incluso máis cualificadas que os nosos compañeiros homes non se nos garanten as mesmas oportunidades. Péchansenos portas a bos traballos ou no caso de ofertalos, ofrécennos salarios descompensados e moi inferiores aos dos nosos compañeiros sen ningún motivo máis alá de ser muller. Nas entrevistas de traballo pregúntannos sobre a nosa vida privada de forma completamente inxustificada, dependendo moitas veces a resposta da obtención ou non do posto. A nosa vida privada non ten nada que ver coa nosa profesionalidade e nada persoal pode cambiar a cualificación que temos para un traballo. Ademais, moitas veces esas preguntas van exclusivamente dirixidas a mulleres cando no caso de facelas deberían ser dirixidas a todos os candidatos. Preguntas sobre a maternidade ou sobre a nosa vida amorosa son totalmente innecesarias xa que un bebé ou unha parella non deberían condicionar unha oportunidade laboral.

Por outra banda, estamos fartas de ver como os esforzos das mulleres se ven botados por terra constantemente. O mal costume de atribuír algo mal feito a unha muller non ten ningún sentido na sociedade na que vivimos. Expresións como “muller tiña que ser” cando por exemplo alguén conduce mal xeran un dano para nós e para a evolución do feminismo. Todas estamos capacitadas para formarnos en todos os ámbitos e non hai nada que os homes poidan facer e as mulleres non.

Estes comentarios só axudan a fomentar os prexuízos contra a valía da muller no ámbito laboral e social e está máis que demostrado a estas alturas que son completamente incertos e as mulleres fixemos algunhas das contribucións máis importantes da nosa historia a pesar de que non se nos garantira o mérito necesario.

No ámbito educativo gustaríanos que se incluíran máis mulleres en todas as materias. A nosa historia está moi influenciada polos actos de numerosas mulleres pero a educación non lles atribúe o mérito que merecen. A maioría de personaxes que estudamos son homes, sendo esquecidas a maioría das mulleres que en moitos casos fixeron contribucións máis importantes que algúns dos homes aos que estudamos.

No exemplo da literatura ao grupo das chamadas “Las Sinsombrero” só se dedica un pequeno parágrafo dedicando o resto do tema aos seus compañeiros de xeración homes, cando elas tamén fixeron importantes contribucións na literatura española e participaron en importantes reivindicacións. Falamos de mulleres como Maruja Mallo, Ernestina del Champourcín, Concha Méndez, Margarita Manso ou Rosa Chacel.

En historia a maioría dos políticos e personaxes importantes que se estudan son homes e cando se fala de mulleres fálase de reinados con homes detrás que intentaban impoñer o seu poder.

En filosofía persoas con tanto alcance e prestixio como Kant falaron da inferioridade intelectual das mulleres, e na actualidade el é estudado nas aulas e filósofas como Hipatia non. Evidentemente as aportacións de Kant son sumamente importantes pero estamos perdendo coñecementos sobre unha parte moi importante da historia.

Como parte das novas xeracións que tomaremos a batuta para continuar a loita feminista gustaríanos conseguir erradicar as diferenzas e prexuízos cara as mulleres no ámbito laboral e en todos os ámbitos.

Manifestámonos hoxe para conseguir que tanto nós como todas as mozas que virán detrás poidan entrar ao mundo laboral sen ter que preocuparse por ter un salario precario, por ver infravalorada a súa formación, por estar subordinada ante superiores con menos formación e experiencia que accederon ao posto polo seu xénero ou por ver frustrada unha gran oportunidade laboral por querer ser nai.

Encantaríanos ver nun futuro un mundo igualitario sen necesidade de protestar para reivindicar os nosos dereitos. Ogallá as nosas fillas, netas, veciñas, amigas, irmás só teñan que preocuparse por obter a mellor formación posible e estar ben cualificada para o que será o seu futuro traballo. Ogallá as xeracións futuras gocen dunha educación moito máis enriquecida na que poidan estudar os feitos de todas as mulleres que contribuíron a chegar aquí, non só mediante contribucións científicas, senón tamén mediante protestas que permiten que todas nós esteamos hoxe aquí e poidamos gozar dos dereitos que temos.

Aínda queda moito camiño por recorrer, pero estamos moi agradecidas as nosas devanceiras por ter loitado para garantírnos as facilidades agora, e esperamos con este manifesto axudar a facer o mesmo para as mocidades futuras. Estar aquí significa un paso máis cara ese futuro desexado onde todas as persoas sexamos completamente iguais e non exista ningún tipo de distinción de xénero no ámbito laboral ou en calquera outro.

Por unhas melloras nas condicións laborais das Mulleres, por unha educación máis completa e inclusiva e en xeral por un mundo mellor e máis igualitario!

Grazas!